## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15022607 | Ánxel Casal - Monte Alto | Coruña (A) | 2022/2023 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| SAN | Sanidade | CMSAN01 | Emerxencias sanitarias | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0061 | Anatomofisioloxía e patoloxía básicas | 2022/2023 | 0 | 107 | 0 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | M. ESTHER NIETO CANO,MIGUEL CARREIRA PARRADO |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Describe a organización xeral do corpo humano e identifica as unidades estruturais que o conforman en relación coa súa especialización. |
| RA2 - Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal. |
| RA3 - Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas. |
| RA4 - Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. |
| RA5 - Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. |
| RA6 - Describe a estrutura dos aparellos dixestivo e renal en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. |
| RA7 - Describe a estrutura dos sistemas inmunolóxico e endócrino, así como do aparello reprodutor, en relación coa súa función e coas doenzas máis habituais. |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.1 Detallouse a xerarquía desde a célula ao sistema. |
| CA1.2 Describíronse a estrutura e a fisioloxía celulares. |
| CA1.3 Clasificáronse os tipos de tecidos. |
| CA1.4 Detalláronse as características xerais dos tipos de tecidos. |
| CA1.5 Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición. |
| CA2.1 Definiuse a posición anatómica. |
| CA2.2 Describíronse os planos anatómicos. |
| CA2.4 Enumeráronse e localizáronse as rexións corporais. |
| CA2.5 Detalláronse e localizáronse as cavidades corporais. |
| CA2.6 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas, coa cavidade en que estean situados. |
| CA3.1 Definíronse os conceptos de saúde e doenza. |
| CA3.2 Describiuse o proceso dinámico da saúde á doenza. |
| CA3.3 Detalláronse os fundamentos da patoloxía xeral. |
| CA3.4 Citáronse as fases da doenza. |
| CA3.5 Describíronse os cambios básicos das fases da doenza. |
| CA3.6 Describíronse as actividades clínicas relacionadas coa patoloxía. |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA3.7 Utilizouse con precisión a terminoloxía específica. |
| CA4.1 Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema nervioso. |
| CA4.2 Relacionáronse as actividades nerviosa, muscular e sensorial. |
| CA4.3 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos órganos dos sentidos. |
| CA4.4 Definíronse as manifestacións e as doenzas neurolóxicas máis frecuentes. |
| CA4.5 Describiuse a estrutura dos ósos. |
| CA4.6 Clasificáronse os ósos. |
| CA4.8 Describíronse os tipos e as características das articulacións. |
| CA4.9 Distinguíronse os movementos das articulacións. |
| CA4.10 Describíronse a estrutura e os tipos dos de músculos esqueléticos. |
| CA4.12 Detalláronse as lesións e as doenzas osteoarticulares e musculares máis frecuentes. |
| CA5.1 Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema cardiocirculatorio. |
| CA5.3 Detalláronse os parámetros funcionais do corazón e da circulación. |
| CA5.4 Describíronse as doenzas cardíacas e vasculares máis frecuentes. |
| CA5.5 Definíronse as características anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio. |
| CA5.6 Describíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas respiratorias máis frecuentes. |
| CA5.7 Enumeráronse os compoñentes sanguíneos e a súa función. |
| CA5.8 Describíronse os trastornos sanguíneos máis frecuentes. |
| CA6.1 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo. |
| CA6.2 Detalláronse as características da dixestión e do metabolismo. |
| CA6.3 Definíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas dixestivas máis frecuentes. |
| CA6.4 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello renal. |
| CA6.5 Analizouse o proceso de formación dos ouriños. |
| CA6.6 Describíronse as doenzas renais e os trastornos urinarios máis frecuentes. |
| CA7.1 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema endócrino. |
| CA7.2 Clasificáronse as alteracións endócrinas máis frecuentes. |
| CA7.3 Describíronse as características anatómicas do aparello xenital feminino. |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA7.4 Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial. |
| CA7.5 Describiuse o proceso da reprodución. |
| CA7.6 Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital feminino. |
| CA7.7 Describíronse as características anatómicas e funcionais do aparello xenital masculino. |
| CA7.8 Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital masculino. |
| CA7.9 Analizáronse as características do sistema inmunolóxico. |
| CA7.10 Citáronse as alteracións da inmunidade. |

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Describe a organización xeral do corpo humano e identifica as unidades estruturais que o conforman en relación coa súa especialización. |
| RA2 - Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal. |
| RA3 - Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas. |
| RA4 - Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. |
| RA5 - Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. |
| RA6 - Describe a estrutura dos aparellos dixestivo e renal en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. |
| RA7 - Describe a estrutura dos sistemas inmunolóxico e endócrino, así como do aparello reprodutor, en relación coa súa función e coas doenzas máis habituais. |

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.5 Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición. |
| CA2.1 Definiuse a posición anatómica. |
| CA2.2 Describíronse os planos anatómicos. |
| CA2.3 Aplicouse a terminoloxía de posición e dirección. |
| CA2.4 Enumeráronse e localizáronse as rexións corporais. |
| CA2.5 Detalláronse e localizáronse as cavidades corporais. |
| CA2.6 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas, coa cavidade en que estean situados. |
| CA2.7 Indicáronse os compoñentes das rexións anatómicas. |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA3.5 Describíronse os cambios básicos das fases da doenza. |
| CA3.6 Describíronse as actividades clínicas relacionadas coa patoloxía. |
| CA3.7 Utilizouse con precisión a terminoloxía específica. |
| CA4.5 Describiuse a estrutura dos ósos. |
| CA4.6 Clasificáronse os ósos. |
| CA4.7 Localizáronse os ósos no esqueleto. |
| CA4.9 Distinguíronse os movementos das articulacións. |
| CA4.11 Identificáronse os músculos da anatomía. |
| CA4.12 Detalláronse as lesións e as doenzas osteoarticulares e musculares máis frecuentes. |
| CA5.2 Localizáronse os principais vasos sanguíneos e linfáticos. |
| CA5.4 Describíronse as doenzas cardíacas e vasculares máis frecuentes. |
| CA5.8 Describíronse os trastornos sanguíneos máis frecuentes. |
| CA6.3 Definíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas dixestivas máis frecuentes. |
| CA6.6 Describíronse as doenzas renais e os trastornos urinarios máis frecuentes. |
| CA7.3 Describíronse as características anatómicas do aparello xenital feminino. |
| CA7.4 Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial. |
| CA7.6 Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital feminino. |
| CA7.7 Describíronse as características anatómicas e funcionais do aparello xenital masculino. |

## 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

3.1. MÍNIMOS EXIXIBLES

Os criterios de avaliación seguintes considéranse mínimos exixibles

CA1.1 - Detallouse a xerarquía desde a célula ao sistema.

CA1.2 - Describíronse a estrutura e a fisioloxía celulares.

CA1.3 - Clasificáronse os tipos de tecidos.

CA1.4 - Detalláronse as características xerais dos tipos de tecidos.

CA1.5 - Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición.

CA2.1 - Definiuse a posición anatómica.
CA2.2- Describíronse os planos anatómicos.
CA2.3 - Aplicouse a terminoloxía de posición e dirección.
CA2.4 - Enumeráronse e localizáronse as rexións corporais.
CA2.5 - Detalláronse e localizáronse as cavidades corporais.
CA2.6 - Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas, coa cavidade en que estean situados.
CA3.3 - Detalláronse os fundamentos da patoloxía xeral.
CA3.4 - Citáronse as fases da doenza.
CA3.5 - Describíronse os cambios básicos das fases da doenza.
CA3.6 - Describíronse as actividades clínicas relacionadas coa patoloxía.
CA3.7 - Utilizouse con precisión a terminoloxía específica.
CA4.1 - Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema nervioso.
CA4.3 - Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos órganos dos sentidos.
CA4.4 - Definíronse as manifestacións e as doenzas neurolóxicas máis frecuentes.
CA4.5 - Describiuse a estrutura dos ósos.
CA4.6 - Clasificáronse os ósos.
CA4.7 - Localizáronse os ósos no esqueleto.
CA4.8 - Describíronse os tipos e as características das articulacións.
CA4.9 - Distinguíronse os movementos das articulacións.
CA4.10 - Describíronse a estrutura e os tipos dos de músculos esqueléticos.
CA4.11 - Identificáronse os músculos da anatomía.
CA4.12 - Detalláronse as lesións e as doenzas osteoarticulares e musculares máis frecuentes.
CA5.1 - Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema cardiocirculatorio.
CA5.2 - Localizáronse os principais vasos sanguíneos e linfáticos.
CA5.3 - Detalláronse os parámetros funcionais do corazón e da circulación.
CA5.4 - Describíronse as doenzas cardíacas e vasculares máis frecuentes.
CA5.5 - Definíronse as características anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio.
CA5.6 - Describíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas respiratorias máis frecuentes.
CA5.7 - Enumeráronse os compoñentes sanguíneos e a súa función.
CA5.8 - Describíronse os trastornos sanguíneos máis frecuentes.
CA6.1 - Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo.
CA6.2 - Detalláronse as características da dixestión e do metabolismo.
CA6.3 - Definíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas dixestivas máis frecuentes.
CA6.4 - Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello renal.
CA6.5 - Analizouse o proceso de formación dos ouriños.
CA6.6 - Describíronse as doenzas renais e os trastornos urinarios máis frecuentes.
CA7.1 - Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema endócrino.
CA7.2 - Clasificáronse as alteracións endócrinas máis frecuentes.
CA7.3 - Describíronse as características anatómicas do aparello xenital feminino.
CA7.4 - Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial.
CA7.5 - Describiuse o proceso da reprodución.
CA7.6 - Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital feminino.
CA7.7 - Describíronse as características anatómicas e funcionais do aparello xenital masculino.
CA7.8 - Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital masculino.
CA7.10 - Citáronse as alteracións da inmunidade.

3.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:
3.2.1. Primeira proba: Terá carácter eliminatorio e consistirá nun cuestionario de preguntas teóricas tipo test e/ou pregunta curta e/ou pregunta de relacionar ou completar que versarán sobre recoñecemento de situacións fisiolóxicas e patolóxicas do organismo humano, as cales tamén poderán facer referencia a situacións recollidas en rexistros gráficos e debuxos esquemáticos, relacionadas todas elas co currículo do ciclo.

3.2.2. Segunda proba: Poderá consistir en:
- Identificación en láminas anatómicas e/ou modelos anatómicos de distintas estruturas do corpo humano.
- Desenvolvemento de cuestións sobre casos prácticos que incorporen coñecementos anatomofisiopatolóxicos relativos aos distintos aparatos e sistemas do mesmo.

**4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**

**4.a) Primeira parte da proba**

Proba teórica: Consistirá nunha proba escrita que pode incorporar preguntas curtas, preguntas tipo test de resposta única, preguntas de relacionar e/ou preguntas de completar, coas características especificadas no punto 3. Na proba tamén se poderán incorporar algunha/s pregunta/s de escolla múltiple, con varias opcións correctas.

Ao alumnado entregaráselle un cuestionario, nun documento impreso e grampado, que non poderá ser desgrampado nin se lle poderán incorporar ao mesmo documentos alleos ao proceso.

A proba, de carácter eliminatorio, puntuarase de 0 a 10, e requirirase un mínimo de 5 para a súa superación.
No caso das preguntas tipo test de resposta única correcta, por cada 3 respostas incorrectas descontarase unha correcta (ou a parte proporcional correspondente no caso de contestar incorrectamente só unha ou dúas). As preguntas non respondidas non puntuarán, nin negativa nin positivamente.

A duración da proba será de 2 horas. Para a realización da mesma, será necesario o uso de bolígrafo de tinta indeleble de cor azul ou negra. Non se permitirá o uso de corrector.
Non se permitirá o uso de móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico que poida interferir co correcto desenvolvemento da proba.
Para garantir o cumprimento desta norma, tódalas persoas que efectúen a proba:
- Non poderán utilizar reloxo. O profesorado indicará periodicamente a hora que é, e sempre que se demande polas persoas participantes.
- Os pavillóns auriculares deberán estar completamente visibles para descartar o emprego fraudulento de dispositivos dixitais nesas localizacións.
A utilización de dispositivos aos que se refire o apartado anterior implicará a expulsión do alumno ou alumna e a finalización do exame para esta/s persoa/s.

Será necesaria a identificación dos/das aspirantes con DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición da comisión avaliadora, durante o desenvolvemento da proba.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Ao remate do exame a/o alumna/o, entregará o cuestionario de preguntas, no que deben constar os seus datos identificativos.

Está prohibido para o alumnado sacar da aula o exame.

Se o/a alumno/a necesita xustificante de asistencia ao exame deberá pedilo á comisión avaliadora.

**4.b) Segunda parte da proba**

Proba práctica:
Poderá consistir en: identificación en láminas anatómicas e/ou modelos anatómicos de distintas estruturas do corpo humano e desenvolvemento de cuestións tipo test ou pregunta curta sobre casos prácticos que incorporen coñecementos anatomofisiopatolóxicos referidos ao currículo do módulo.

A proba, de carácter eliminatorio, puntuarase de 0 a 10, e requerirase un mínimo de 5 para a súa superación.

A duración da proba será de 2 horas. Para a realización da mesma, será necesario o uso de bolígrafo de tinta indeleble de cor azul ou negra. Non se permitirá o uso de corrector.
Non ser permitirá o uso de móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico que poida interferir co correcto desenvolvemento da proba.
Para garantir o cumprimento desta norma, tódalas persoas que efectúen a proba:
- Non poderán utilizar reloxo. O profesorado indicará periodicamente a hora que é, e sempre que se demande polas persoas participantes.
- Os pavillóns auriculares deberán estar completamente visibles para descartar o emprego fraudulento de dispositivos dixitais nesas localizacións.
A utilización de dispositivos aos que se refire o apartado anterior implicará a expulsión do alumno ou alumna e a finalización do exame para esta/s persoa/s.

Será necesaria a identificación dos/das aspirantes con DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición da comisión avaliadora, durante o desenvolvemento da proba.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/da alumno/a.

Ao remate do exame a/o alumna/o, entregará o cuestionario de preguntas, no que deben constar os seus datos identificativos.

Está prohibido para o alumnado sacar da aula o exame.

Se o/a alumno/a necesita xustificante de asistencia ao exame deberá solicitalo a comisión avaliadora